

Mestrado Universitario en Didácticas Específicas
Facultade de Ciencias da Educación – Universidade da Coruña

DOCUMENTO MARCO PARA A ELABORACIÓN DO
TRABALLO FIN DE MESTRADO (TFM)

Curso 2017-2018

1. Que é o TFM?

É unha materia obrigatoria do plan de estudos, de 9 créditos. Supón a realización por parte do alumnado dun proxecto, memoria ou estudo que terá que ser individual, innovador, persoal e orixinal, que supoña unha iniciación á investigación dentro dunha das áreas de Didáctica Específica do mestrado, ou de varias, se se optase por lle dar un carácter interdisciplinar.

Deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas á titulación e á adquisición das competencias relacionadas coa aprendizaxe autónoma, coa dirección dun/dunha profesor/a.

Para a elaboración do TFM terase en conta o realizado durante o Prácticum que será considerado, dentro do posible, como o traballo de campo deste TFM.

Constará dun documento escrito que terá que seguir as pautas que se sinalen neste documento marco e as indicacións do/a director/a, realizadas na atención personalizada e/ou titorías. Neste documento marco recóllense características diferentes de formato, segundo as áreas polas que se presente.

O alumnado terá que expoñer e defender o TFM publicamente perante un tribunal de avaliación nomeado pola Comisión do Mestrado.

2. Dirección do TFM

O/a director/a do TFM de cada estudante será o mesmo que o/a titor/a do Prácticum, profesor/a do mestrado dunha das áreas de Didácticas Específicas. O TFM poderá ser dirixido por dous profesores, un deles será necesariamente dunha das áreas de Didácticas Específicas. Cada profesor/a só poderá dirixir un máximo de dous TFM e, excepcionalmente, un número maior contando coa aprobación da Comisión Académica.

As súas funcións serán:

- Axudar a/o alumna/o a concretar o tema sobre o que traballará.
- Resolver as súas dúbidas ao longo da realización do TFM.
- Facilitarlle as orientacións pertinentes que permitiren a integración dos coñecementos conseguidos neste mestrado e no desenvolvemento da súa competencia docente.
- Orientar sobre os recursos bibliográficos e materiais didácticos que redundaren na maior calidade, creatividade e orixinalidade do TFM.
- Revisar o texto final do TFM e dar o visto e prace para a súa defensa.



Mestrado Universitario de Didácticas Específicas

3. Cando e como debo tramitar a asignación de tema e titor/a?

O alumnado comunicará por escrito a súa proposta de tema do TFM e de titor/a do mesmo á coordinadora do mestrado antes da data que figura no cronograma inicial do TFM (Anexo I). Ademais, na data que tamén figura neste cronograma entregará co visto e praxe do/a titor/a e no Rexistro da Facultade de Ciencias da Educación, a proposta máis detallada do traballo de fin de mestrado (Anexo II).

O profesorado director do TFM será nomeado pola Comisión Académica do Mestrado.

4. Cando podo defender o TFM? (requisitos)

Para poder defender o TFM será necesario ter superada a totalidade dos demais créditos do título e ter o informe favorable do director (ou directores).

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación ou defensa pública do TFM: unha ordinaria e outra extraordinaria.

A Comisión Académica aprobará o marco do calendario de avaliación que, para a primeira oportunidade, será no mes de xuño/xullo, para a segunda no mes de setembro, habendo unha oportunidade extraordinaria no mes de febreiro, segundo consta no cronograma do proceso de avaliación (Anexo I).

Para a defensa do TFM, o alumnado terá que entregar a seguinte documentación no Rexistro da Facultade de Ciencias da Educación:

- Preinscrición para a defensa do TFM segundo modelo do anexo III.
- Solicitud de defensa que aparece na Secretaría Virtual do alumnado unha vez que o/a director/a dea o visto e praxe. No caso de que o TFM fose dirixido por dous profesores/as, deberá constar o visto e praxe de ambos os dous.
- Tres exemplares impresos do traballo (e unha copia en soporte CD con formato PDF).

5. Que criterios de avaliación debo ter en conta?

O TFM terá que axustarse ás características indicadas neste Documento marco. Nesta avaliación terase en conta o rigor, a orixinalidade, a coherencia e cohesión interna do traballo, a súa fundamentación teórica, a incorporación de referencias bibliográficas actualizadas, así como a adecuación ao formato esixido.

O alumnado terá que facer a presentación oral e defensa do seu TFM perante o tribunal asignado. Nesta, terase en conta a corrección na expresión oral, a capacidade de síntese, as capacidades comunicativas, así como a corrección e argumentación das respostas e a súa adecuación ás posibles cuestións que os membros do tribunal lle poidan formular.

En relación coa avaliación de cada traballo, o tribunal procederá a cualificar este seguindo os puntos que figuran no cadro do Anexo IV.

6. Como vai ser a avaliación?

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais. Estes estarán compostos por tres profesores do mestrado e dous suplentes. Os tribunais, xuntamente co lugar, día e hora fixados para a defensa do TFM, serán publicados con dez días naturais de antelación.

O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal avaliador correspondente, sempre e cando os recursos humanos o fixeren posible.

Para a defensa do TFM, o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. Os membros do

Mestrado Universitario de Didácticas Específicas

tribunal contarán tamén cun tempo máximo de 20 minutos para formularen cantas preguntas e suxestións estimaren necesarias.

Finalizadas todas as defensas de TFM da sesión correspondente, o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado.

A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4,9: Suspenso (SS)
- 5,0-6,9: Aprobado (AP)
- 7,0-8,9: Notable (NT)
- 9,0-10: Sobresaliente (SB)

A mención de “matrícula de honra” poderá ser outorgada a aqueles alumnos que obteñan un sobresaliente cando haxa unanimidade no tribunal para a súa concesión.

7. Cales son as características e cuestións formais do TFM?

O TFM será presentado co formato dun artigo de investigación.

A súa estrutura responderá ás seguintes seccións: introdución e obxectivos; fundamentación teórica; metodoloxía; análise de resultados; conclusións e implicacións; referencias bibliográficas.

As características formais son:

- A extensión do traballo será dun máximo de 40 000 caracteres sen espazos (sen incluír os anexos).
- Tipo de letra: Times New Roman 12 puntos.
- Entreliñado: 1,5; dobre entre parágrafos.
- Marxes: 2,5 cm superior e inferior / 3 cm dereita e esquerda.
- Portada: será a primeira páxina, que deberá levar o logo da UDC e incluír os seguintes datos (Anexo V):
 - Título do traballo. Deberá aparecer en galego, castelán e inglés, por esixencia da acreditación do título pola normativa europea.
 - Nome da/o alumna/o
 - Nome do(s)/a(s) director(es)/(as) do TFM
 - Data do TFM
 - Resumo de 150 palabras (Times New Roman 11 puntos; entreliñado1).
 - Palabras clave (entre 3-5 palabras, Times New Roman 11 puntos; entreliñado1).
 - Índice: nun só parágrafo, resaltando en negrita os números dos distintos apartados do traballo (Times New Roman 11 puntos; entreliñado1).
- Bibliografía, fontes documentais, outras fontes e recursos didácticos (segundo a normativa APA, 6.^a edición) (http://www.uah.es/biblioteca/ayuda_formacion/estilos_citas.html#apa)

Recomendación. Procurarase que os traballos impresos sexan a dobre cara, evitando a utilización de plástico.

Cómpre sinalar que se poderán recoller características de formato diferentes ás indicadas anteriormente, segundo as áreas polas que se presente como, por exemplo, e entre outros,

Mestrado Universitario de Didácticas Específicas

aqueles vinculado a un proxecto artístico na área de Didáctica das Artes Visuais, que poderán ter un formato distinto no que atinxe a tipografía, maquetación, imaxes etc., co obxectivo da procura estética coherente co traballo realizado polo alumnado. Isto poderá ser tamén de aplicación a aqueles TFM que non estean vinculados á área de Didáctica das Artes Visuais e si a calquera outra das didácticas específicas pola que se presente, cando o director/a e o/a alumno/a o consideren imprescindible ou de especial relevancia para a consecución dos obxectivos e sempre e cando se enmarque nas liñas xerais deste Documento marco.

Poderanse, ademais, incluír os documentos e materiais que se consideraren pertinentes para a mellor comprensión e contextualización do TFM.



ANEXO I

CRONOGRAMA INICIAL DO PROCESO DE ELABORACIÓN DOS TFM			
DATAS	ACTIVIDADE	PROTAGONISTAS	OBSERVACIÓNS
-7 de novembro	Proposta de temática e titor/a	- Alumnado	- O alumnado entregará a súa preferencia de tema e titor/a á coordinadora do mestrado por escrito
-24 de xaneiro	Fin prazo presentación do proxecto de TFM no Rexistro do centro	- Alumnado	- O alumnado presentará o proxecto de TFM (Anexo II) no Rexistro da Facultade

CALENDARIO DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – CURSO 2017-18

Convocatorias	Febreiro 2018 (TFM curso 16-17) ¹	Xuño 2018	Setembro 2018
ALUMNADO Paso imprescindible previo ao informe da dirección do TFM: introdución do título do TFM na Secretaría Virtual (nos tres idiomas esixidos)			
Preinscrición na defensa do TFM	9 febreiro	8 xuño	7 setembro
PROFESORADO: Peche prazo informe director/a na secretaria virtual	19 febreiro	18 xuño	11 setembro
ALUMNADO: Peche prazo solicitude de defensa pública na secretaria virtual e entrega de tres exemplares en papel e unha copia dixital e da documentación requirida no Rexistro do centro	20 febreiro	19 xuño	12 setembro
Asignación e publicación do tribunal	21 febreiro	21 xuño	13 setembro
Recollida da documentación polo/a Secretario/a do tribunal e convocatoria do acto público	22 de febreiro	22 xuño	14 setembro
Defensa pública	1-2 marzo	28-29 xuño	19-20 setembro
Remate do período de revisión de cualificacións	8 marzo	3 xuño	24 setembro
Peche actas TFM	9 marzo	4 xullo	25 setembro

¹ Só para estudantes que iniciaran o mestrado no curso anterior 2016-17



PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Curso académico:
Nome e apelidos do/a alumno/a:
Especialidade en que realiza o Mestrado:
Nome e apelidos do/a titor/a do TFM:
Título do Traballo de Fin de Mestrado (galego, castelán e inglés):
Breve descrición do traballo (obxectivo xeral, delimitación do contido e resultados previsibles):

A Coruña, de de

Asdo. V. e pr.

(Nome e apelidos do/a alumno/a)

(Nome e apelidos do/a titor/a)



ANEXO III

Preinscrición para a defensa do TFM (*)

(*) Esta preinscrición non garante a posterior avaliación positiva da dirección académica, requisito indispensable para a defensa do TFM.

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
PREINSCRICIÓN E SOLICITUDE DE DEFENSA
PÚBLICA

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TÍTULO DO TFM

Apelidos e nome do/a director/a:

TITULACIÓN:.....

CURSO ACADÉMICO:

SOLICITA DEFENDER O TFM NA OPORTUNIDADE

DE [] XUÑO DE 20

DE [] SETEMBRO DE 20

DE [] FEBREIRO DE 20.....

A Coruña, de de

Visto e prace
da dirección académica

Sinatura
do/a estudante

Para rexistrar e entregar na Secretaría da Facultade



ANEXO IV

INFORME DO TRIBUNAL DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

DATOS DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO	
Nome e apelidos do/a estudante:	
Título do traballo:	

VALORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO		
1. Cuestións formais	<ul style="list-style-type: none">• Claridade, organización da información• Referencias bibliográficas segundo as normas establecidas• Expresión correcta• Presentación correcta do material do traballo	5%
2. Obxectivo, fundamentación teórica	<ul style="list-style-type: none">• Definición e xustificación do obxecto de estudo• Revisión bibliográfica actualizada e coherente co obxecto de estudo que mostre o estado da cuestión• Capacidade de integrar a información nun discurso coherente	15%
3. Deseño e desenvolvemento	<ul style="list-style-type: none">• Coherencia da metodoloxía co obxecto de estudo• Especificación da metodoloxía• Rigor na presentación e análise de resultados• Coherencia dos resultados e a súa análise co obxecto de estudo	25%
4. Conclusións	<ul style="list-style-type: none">• Relación das conclusións cos obxectivos do estudo• Coherencia das conclusións cos resultados obtidos• Capacidade de síntese no enunciado das conclusións• Capacidade de propoñer implicacións didácticas e consideracións para futuras investigacións derivadas do traballo	15%
5. Presentación e defensa	<ul style="list-style-type: none">• Competencia comunicativa e capacidade de síntese na presentación• Calidade nos medios e/ou materiais de apoio se houber	25%
	<ul style="list-style-type: none">• Argumentación e adecuación das respostas ás cuestións formuladas	15%
NOTA (0-10)		

Data

Presidente/a

Vogal

Secretario/a



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mestrado Universitario de Didácticas Específicas
ANEXO V

Facultade de Ciencias da Educación



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO FIN DE MESTRADO

TÍTULO (no idioma oficial utilizado no TFG)

TÍTULO (no outro idioma oficial)

TÍTULO (en inglés)

Nome e apelidos do autor/a

Dir./Dir.^a (nome e apelidos)

Mestrado Universitario de Didácticas Específicas

Ano

Resumo: máximo de 150 palabras (Times New Roman 11 puntos; entreliñado1)

Palabras clave: entre 3-5 palabras, Times New Roman 11 puntos; entreliñado1.

Índice: 1. Introducción e obxectivos. 2. Fundamentación teórica. 3. Metodoloxía. 4. Análise de resultados. 5. Conclusións e implicacións. 6. Referencias bibliográficas. (Os títulos dos apartados son indicativos, e pode levar subapartados só de 2º nivel).